

# ESPARTA

CIDADE E SOCIEDADE



Ivan P. Ríó

Primeira edición: Marzo do 2009

< Para máis información sobre os dereitos legais ir á parte "Máis Información" >

Deseño da cuberta: Ivan P. Río  
Ilustración da cuberta: Ivan P. Río

© 2009, Ivan P. Río

correio-e: [lacedemonia@email.com](mailto:lacedemonia@email.com)  
[espartagz@gmail.com](mailto:espartagz@gmail.com)

[www.lacedemonia.co.cc](http://www.lacedemonia.co.cc)

# Índice

1	Orixes da Esparta
2	A educación en Esparta
3	Pederastia en Esparta
4	Ximnopedias
5	A sociedade Espartana
6	O sistema político espartano
7	Relixión en Esparta
8	Guerras de Esparta
9	Curiosidades de Esparta
10	Esparta na Actualidade
11	Espartathlón
12	Referencias
13	Máis Información

## ORIXES DE ESPARTA



*“Pois se fora desolada a cidade dos lacedemonios (espartanos), e só quedaran os templos e os cimentos dos edificios, penso que ó cabo de moito tempo, os homes do mañá terían moitas dúbidas respecto a que o poderío dos lacedemonios correspondera á súa fama. (...) Dado que a cidade non ten templos nin edificios suntuosos e non está construída de forma conxunta, se non formada por aldeas dispersas, á maneira antiga da Grecia, parecería moi inferior. Polo contrario, si lles ocorrera iso mesmo ós atenienses, ó mostrarse ós ollos dos homes do mañá a aparencia da súa cidade conxectarían que a forza da Atenas era a dobre da real” ( Tucídides, I, 10 ).*

Esparta, tamén chamada Lacedemonia, é unha cidade-estado da antiga Grecia que se situaba entre o Taixetes e o Parnon, na chaira de Laconia, da cal era capital. Era unha das máis poderosas cidades-estado gregas.

Como se reflexa na lenda mítica “O retorno dos Heráclitas”, as orixes da Esparta comezan cunha invasión doria. Os dorios, ó redor do 1100 a. C., chegaron a Grecia formando parte da gran ola de conquistas indoeuropeas. Por mor das circunstancias, os dorios foron conducidos ata o sur, concretamente ó Peloponeso, aínda que tamén a certas illas do Exeo e á costa de Asia Menor. A cultura espartana sería pois un exemplo da sociedade doria e do seu poderío militar, como veremos máis adiante.



Grazas á arqueoloxía podemos saber que Esparta en si só comeza a amosar sinais de asentamento preto de 200 anos despois do colapso da civilización micénica. Catro pobos compuñan a polis espartana, os dous máis preto da acrópole foron os orixinais e os dous pobos de máis lonxe uniríanse despois da fundación. Pode ser que a dobre realeza sexa orixinaria da fusión dos dous primeiros pobos.

Os dorios espartanos conseguiron expandir os seus territorios de forma violenta, dominando ós pobos veciños. Non pasaría moito tempo ata que unha guerra entre os espartanos e o pobo mesenia tivese lugar. Esta guerra duraría vinte anos e remataría ca derrota da Mesenia, que sería obrigada a pagar a metade da súa produción como tributo ós espartanos. A Segunda Guerra Mesenia tería como resultado, novamente, a derrota dos mesenios mais, nesta ocasión, o territorio sería incorporado ó estado espartano convertendo a Esparta na polis grega de maior extensión territorial.

O poder político da cidade estendíase sobre a poboación de tales terras, mais os **espartiatas** eran só unha parte de esta. As 4/5 partes eran súbditos dos auténticos espartanos e polo tanto estaban ó seu servizo. Esta poboación que non era espartana dividíase en **hilotas** e **periecos** dos que falaremos máis tarde.



## A EDUCACIÓN EN ESPARTA



A educación en Esparta, chamada *agogé* (do grego “ἀγωγή”, “conduta ou movemento”), foi un dos rasgos máis característicos da Esparta xunto á militarización colectiva. A *agogé* foi unha rigorosa formación que debía seguir todo o xénero masculino. Este adestramento incluía, entre outras cousas, unha preparación social, que incluía a danza, a lealdade ó grupo e por suposto a formación militar.

O obxectivo de este tipo de entrenamiento era crear un espartano de forte moral e físico para que servise no exército espartano. A estes futuros soldados inculcábaselles a idea de que o Estado era máis importante que o seu propio interese individual. Díciase que estes homes serían as murallas de Esparta, as cales foran demolidas por Licurgo, “porque Esparta era a única cidade grega sen murallas defensivas”. Este tipo de disciplina, como se pode comprender, era moi estrita e obrigaba ós homes a loitar entre si para determinar cal de eles era o máis forte.

Cando un rapaz cumpría os sete anos, este era separado da súa nai e poñíase a cargo dun *paidónomo*, que sería un maxistrado especializado que se encargaría da educación do rapaz. Este neno era integrado nunha unidade militar infantil denominada *agelé* baixo a supervisión dun rapaz maior de dezanove anos chamado *irén*. En ese lugar sería onde aprenderían a cantar, ler e escribir aínda que esta última soamente a nivel indispensable. Aínda así, esta parte non era o máis importante do seu adestramento senón formalos fisicamente a través de medios coma a loita e o atletismo. Aprenderían tamén a manexar as armas e a marchar en formación, e por suposto a obedecer cegamente ós seus superiores.

Este neno crecía baixo a tutela do Estado ata que cumprira os vinte anos. Ó principio o que primeiramente aprenden os rapaces son a disciplina espartana. A estes cortábaselles o cabelo ó cero e non se lles permitiría vestir con nada máis ca un *himatión* (un manto de la ) aínda que a maior parte do tempo ían espidos e sucios, pois a estes non se lles permitía ducharse case nunca. Respecto á comida esta era reducida ó indispensable o que obrigaba ós rapaces a roubar si querían sobrevivir. As consecuencias de ser sorprendidos eran castigos severos mais non por o roubo en si se non pola súa torpeza ó cometer o dito roubo. Pese a este duro adestramento os nenos tiñan á súa disposición unha serie de servidores que os atenderían, menos durante a *Krypteia*.

A *Krypteia* ( en grego κρυπτεία, de κρυπτός (“agochado”, “segredo” ) era unha proba da *agogé* de gran esixencia e dureza. Aínda que non se sabe moito ó respecto, cada ano os éforos espartanos (dos que falaremos máis adiante) declaraban a guerra ós ilotas co fin de poder matalos sen que iso se convertese nun crime. Os xoves máis capaces eran enviados ó campo sen roupa, descalzos e como única arma un puñal. Estes mantíñanse agochados durante o día e de noite ían ás granxas dos ilotas e mataban a todos os que atopaban e roubaban todo o que necesitaban.

Ós quince anos, cando se convertían en efebos , deixaban o cabelo longo propio dos soldados, limpo e perfumado.

Calquera cidadán podía sancionar a un neno se este facía algo mal pois toda a cidade velaba pola disciplina dos xoves. Nambargantes, esta violencia íría aumentando ó longo do tempo deixando a un lado as verdadeiras necesidades militares da cidade.

Cando os rapaces chegan á adolescencia o *aidós* (“pudor”, “decencia”) convertese nunha parte importante do adestramento. Na primeira idade adulta o máis importante será a emulación e a competencia para que un poda chegar a formar parte dos “*Hippeis*”.

Os *Hippeis* era en grego antigo o que nós denominamos cabalería. Estes cidadáns podían permitirse manter un cabalo ó servizo do Estado en tempos de guerra. Entre os espartanos estes compuñan a garda real que inicialmente eran usados para infantería pesada e máis tarde na cabalería.



Unha das cousas que facían para adestrar ós rapaces fisicamente era darlles con varas de madeira. Nun afastado bosque o que se facía era escoller unha árbore robusta, ó tronco enganchábase unha cadea e a este un pau. O rapaz o que facía era agarrar o susodito pau mentres outros dous lle pegaban. Estes usaban varas de bambú e si o rapaz que recibía os golpes caía de esgotamento ou dor tiña outros dous compañeiros que se encargaban de erguelo para que puidese seguir recibindo golpes.

A finalidade de tal exercicio era aprender a aguantar mellor a dor, e para os que se encargaban de dar a malleira era non deterse no ataque aínda que o inimigo sufrise unha gran dor. Para os que se encargaban de suxeitar era que aínda que visen sufrir ou morrer ós seus compañeiros fixesen caso omiso e seguisen ca misión que lles fora encomendada.

Había casos de rapaces que por non caer os pés dos seus amigos por mor da dor preferían morrer ca malleira. Estes non podían facer outra cousa que aconsellarlle ó rapaz que se retirase máis si este decidía non facelo a cerimonia seguía ata que o rapaz morría.

As rapazas non eran caso a parte na educación espartana, estas recibían unha educación que lles era proporcionada polo Estado, baseada na ximnasia, no atletismo e por suposto na loita e cuxa finalidade era capacitalas para ter fillos fortes e sans. Os demais gregos mofábanse delas pola vida dura que levaban mentres as súas fillas estaban encerradas na casa. Mentres o resto das gregas levaba unha vida caseira ,tranquila e aburrida por mor de que estaban sempre sometidas a alguén, as espartanas practicaban os mesmos deportes e participaban nos mesmos concursos que os homes. Non había separación de sexo e ambos ían espidos para que puidesen moverse mellor. Menos nos Xogos Olímpicos e nalgúns outras cousas no demais podían participar coma calquera home, isto incluía actos relixiosos,cerimonias,procesións,etc. Así pois, as espartanas tiñan fama de mulleres fortes e duras, capaz de matar ó seu propio fillo se fuxía do campo de batalla e alegrarse da súa morte si este morría na batalla e os espartanos obtivesen a vitoria.

A igualdade entre homes e mulleres era un perfecto exemplo de cooperación , o que asombraba ós estranxeiros que chegaban a Esparta. Nunha ocasión a muller dun estranxeiro preguntoulle estrañada á muller do rei Leónidas por que as espartanas eran as únicas mulleres en igualdade de condicións que os homes, ó que ela respondeu: “Será porque soamente nós parimos homes de verdade”.

As mulleres de Esparta,a diferenza da costume de casarse ós quince anos, facíano ós vinte e tiñan total liberdade para escoller ó seu marido. As mulleres deixábanse “secuestrar” polo home que elas escollían e durante un tempo víanse con eles.

Legalmente a muller non tiña obriga ningunha con respecto ó matrimonio, e ademais, a lei permitíalles ter amantes así que non resultaba raro que unha muller levase á súa casa a un rapaz novo.

A veces as mulleres recibían a herdanza de seus pais polo que non era raro ver algunhas vivindo libremente.



## PEDERASTIA EN ESPARTA



En Esparta era normal a relación entre un home e un rapaz, pois os espartanos crían que isto era esencial para a formación do adolescente como cidadán e crían, tamén, que se un rapaz non atopaba un amante sería unha deshonra para el. Mais, isto non só era cousa de rapaces, pois as mulleres tiñan tamén unha relación similar cas rapazas.

En Esparta, como na maioría das outras polis gregas, era o home quen tiña que seducir ó rapaz, mais en esta ocasión a súa liberdade non era de todo completa. Si do rapaz se namoraban dous homes, un rico e outro pobre, e o rapaz escollía ó rico, os maxistrados sancionábano pola súa cobiza. Nambargantes, os ámbolos dous homes podían facerse amigos para facer do rapaz un bo cidadán. Aínda así, era o rapaz o que debía pedirle ó home que fose o seu mentor para evitar así que os rapaces caesen na fachenda.

Aínda que moitos antigos escritores gregos afirman que a relación entre ámbolos dous amantes era totalmente casta e que era impensable que estes mantivesen relacións sexuais entre eles (e si se mantiñan eran expulsados ou debían pagar cas súas propias vidas) hai que dicir que se atoparon en 1898 graffitis nas rochas dun acantilado na illa de Tera, unha illa colonizada polos espartanos, onde se podían ver conquistas sexuais masculinas.

O caso das rapazas era similar. Esperábase que estas tivesen unha amante feminina, aínda que non se teñen moitas fontes ó respecto.

En Esparta celebrábase a Xacintia, que era unha das celebracións máis importantes, en honor a Xacinto, un mítico príncipe de Esparta e amante de Apolo. Estas duraban tres días: o primeiro día ofrecíanse sacrificios ós mortos, o segundo día era unha celebración onde se tocaba e se cantaba á gloria de Apolo e o terceiro día crese que era igual de solemne que o primeiro día.

As Xacintias eran tan importantes que, segundo Xenofonte, os espartanos interrompían as súas campañas militares para regresar e participar nesas festividades.



## XIMNOPEDIAS



Os rapaces de Esparta, ademais de adestrarse, tiñan que participar nunha celebración que se levaba a cabo no verán. Esta celebración era chamada Ximnopedias ( do grego antigo “Γυμνοπαιδία” ) e consistía en que durante a celebración, os rapaces, espidos, demostrasen as súas habilidades de loita e baile.

Este costume introduciuse no 668 a. C., xunto ca introdución de practicar atletismo espidos, bañando o corpo en aceite para exaltar a súa beleza.

Este tipo de espectáculo adicábaselle a Apolo e probablemente tamén a Atenea , segundo Plutarco, e como espectadores só estaban permitidos homes (lacedemonios, estranxeiros e hilotas) aínda que os homes de máis de 30 anos que estivesen solteiros eran excluídos da asistencia.





## A SOCIEDADE ESPARTANA



Na antiga cidade de Esparta, aínda que había varias clases sociais, só uns poucos tiñan dereitos políticos, e estes eran chamados *Homoioi*. Os *Homoioi* eran varóns de máis de trinta anos que tiñan pasada a agogé e que non perderon os seus dereitos. Estes eran descendentes dos dorios que naceran na mesma Esparta. Ó momento de que estes eran nados dábanelles unha terra xunto a uns *hilotas*. *Hilotas* era o nome que recibían os servos de Esparta. Os hilotas, a diferenza dos escravos-mercancía, non podían ser mercados nin vendidos Estes servos debían darlle parte da súa colleita á familia usufrutuaria da terra. A parte de isto en ocasións eran obrigados a asistir ó campo de batalla como auxiliares ou inclusive a loitar. Hai que ter en conta que os hilotas superaban en número ós espartanos así que estes mantiñan a raia ós espartanos baixo a constante ameaza dunha revolta. Nambargantes, segundo ía aumentando o número de estes ía aumentando á par a crueldade ca que os espartiatas os trataban chegando ó punto de celebrar anualmente un ritual no que se lles daba caza e os exterminaban chamado *Krypteia*, do que falaremos máis adiante.

A parte de estas dúas clases sociais, tamén estaban os *periecos*. Os *periecos* eran homes ceibes con certos dereitos, agás os políticos, que podían incluso ter cargos de suma importancia e responsabilidade. Estes vivían lonxe do núcleo central espartano, vivindo e traballando nas súas terras, aínda que en asentamentos que estaban baixo a autoridade espartana. Os periecos aínda que eran libres tiñan certas obrigas cara ó Estado. Debían pagar unhas contribucións, uns tributos (coma calquera cidadán espartano) e a manufactura dalgúns produtos.

A parte de estas clases sociais había tamén outras clases intermedias: *esquiritas*, *neodamondes*, *trófimos* e *tresantes*.

Os *esquiritas* (do grego Σκιρίται «Skiritai») eran un pobo que vivía nunha rexión montañosa no norte da Laconia na fronteira con Arcadia chamada Esquirítida e tiñan un status social comparable ó dos periecos. Tiñan orixe arcadio e vivían en pobos nun territorio bastante inhóspito aínda que estratexicamente moi importante para Esparta. En época de guerra eran os esquiritas os que formaban un corpo de elite de infantaría que loitaba na extrema esquerda da liña de batalla.

Os *neodamondes* (do grego νεοδαμώδεις «neodamódeis») eran os hilotas liberados tralo seu servizo como hoplitas no exército lacedemonio. Os neodamondes apareceron, probablemente, por primeira vez na segunda fase da guerra arquidámica, durante os anos 424-421 a. C. Cando rematou a hexemonía espartana na Grecia os neodamondes probablemente permaneceron en territorio mesenio converténdose en cidadáns das cidades mesenias.





Dentro dos neodamondes había tamén un subgrupo denominado *brasideíoi*. Estes eran 700 hilotas que participaron como hoplitas na campaña de Brásidas, un xeral espartiatas da guerra arquidámica, tras a cal, como recoñecemento á súa lealdade, concedéuselles a liberdade.

Os *trófimos* (do grego τρόφιμοι, «pupilos») eran nenos estranxeiros ou periecos que recibían a educación espartana. Estes eran adoptados temporalmente por un *oikos* (“familia”, “núcleo familiar”, “fogar”) espartiatas. Os trófimos podían acceder ó status social de cidadán.

Os *tresantes* eran espartiatas que foran privados da cidadanía e da condición de homoioi a causa de mostrar covardía ou desobediencia durante unha campaña militar. Os tresantes eran excluídos do ximnasio, das sitiesias, etc. Os concidadán podían golpear neles así que cando camiñasen pola rúa debían ceder o paso. Tamén eran obrigados a afeitarse unha soa parte da barba e a levar roupa sucia así como levantarse ante os seus menores e, en caso de que estivesen solteiros non podían casarse. Ninguén falaba con eles e non podían levar a cabo transaccións legais.

Aínda que ese trato ós tresantes nos lembre a un servo non tiñan nada que ver. Estes, ó contrario que os servos, podían acceder a lugares públicos e ata redimirse na guerra.



## O SISTEMA POLÍTICO ESPARTANO



Esparta, a diferencia de outras cidades gregas, estaba gobernada por dous reis das familias *Agíadas* e *Euripóntidas*, as cales, segundo a lenda, proviñan de dous xemelgos descendentes de Heracles e polo tanto ambas tiñan a mesma autoridade tanto relixiosas, coma políticas, administrativas e xurídicas.

Durante as épocas de guerras estes reis eran os comandantes supremos do sacerdocio e do exército; mentres un rei protexía Esparta o outro ía para o combate.

Os diarcas presidían a *Xerusía*, que era un consello formado por vinteoito anciáns maiores de sesenta anos e os dous reis. Encargábase de preparar proxectos os cales tiñan que ser aprobados pola *Apella* (unha asemblea popular da que falaremos máis adiante). Os reis que fosen acusados polos *éforos* serían xulgados na *Xerusía*.

Os *éforos* (do grego ἑφορος, "aquele que supervisa") eran os maxistrados dos antigos estados dorios da Grecia. En Esparta había cinco *éforos*, os cales eran escollidos cada ano e tiñan un papel de fiscais da vida pública e tamén das accións dos reis. Presidían as reunións da *Xerusía*, estaban a cargo dos xuízos, controlaban a recadación dos impostos, dirixían o entramento militar e tamén a política exterior. Estes tamén se ocupaban de procurar un equilibrio entre ámbolos dous reis da Esparta.

A *Apella*, da que falamos anteriormente, era unha asemblea popular que se encargaba de rexeitar ou aprobar as mocións plantexadas pola *Xerusía*. Descoñecese a idade mínima para formar parte da *Apella* nin a frecuencia exacta das súas reunións, aínda que se pensa que podía ser cada mes, cando a lúa estaba chea.

As decisións que se tomaban na *Apella* non se adoptaban por votación senón por aclamación, e dicir, estimaban o volume dos clamores que acompañaban ó enunciado do candidato.

Os xerontes eran tamén membros da *Apella* polo que podían influír na decisión das propostas presentadas pola *Xerusía*.



## A RELIXIÓN EN ESPARTA



A relixión en Esparta ocupou un lugar moito máis importante do que o fixo en outros lugares da Grecia. Entre os espartanos as divindades femininas adquiren moita importancia, como Atenea a cal ten un gran número de advocacións. Nas festas e monumentos das cidades son Ares e Apolo, deuses masculinos, ós que se lles rende un culto particular. Aquiles, Agamenón, Casandra, Helena,... forman tamén parte de ese grupo de deuses os cales eran adorados polos espartanos.

Os sacerdotes tiñan un papel moi importante na cidade de Esparta. Estes tiñan como encargo realizar sacrificios públicos os cales eran moi valorados. Antes de partir á guerra facíaselle un sacrificio ó deus Zeus e, antes da batalla, outro a Ares. O respecto que os espartanos tiñan polos sinais divinos era tal que podían chegar a abandonar o campo de batalla perante augurios desfavorables.

Entre as festividadeas relixiosas destaca a das Carneas, que foi unha das festividadeas relixiosas máis importantes de Esparta e de outras cidades dorias, e celebrase en nome de Apolo Carneio. Antigamente Carneio era considerado un deus independente pero máis tarde asimilouse a Apolo.


A festividade celebrábase entre os días 7 e 15 do mes Carneio, correspondente ó mes ático de Metaxitnión, e segundo Pausianas a finalidade destas celebracións era aplacar a ira de Deus.

Durante as festas había competicións musicais, danzas, representacións teatrais, o sacrificio dun carneiro e unha comida comunitaria.

Foron estas festas, segundo Herodoto, a causa de que os espartanos non formasen parte da Batalla de Maratón e o motivo da demora do continxente espartano en acudir ás Termópilas.



## GUERRAS DE ESPARTA



Esparta era unha cidade moi militarizada chea de fortes guerreiros que dende pequenos levaban un duro adestramento, así que non era de dubidar que tamén houbera guerras na súa historia. As guerras que máis destacan son as Médicas e as do Peloponeso xunto as batallas de Maratón e das Termópilas.

Guerras Médicas foi o nome que se lle deu ó enfrontamento durante o século V a. C. entre algunhas cidades-estado gregas e o Imperio Persa. Á orixe do adxectivo “médicas” provén de que os gregos usaban esa palabra para denominar ós persas, aínda que Media (Oriente Medio) non era senón unha rexión sometida ó Imperio Persa.

A causa da susodita guerra foi a sublevación dos xonios debido á opresión levada a cabo polos persas. Estes sufriran grandes golpes como a caída de Síbaris (un apoio vital do seu comercio), a conquista de Naucratis e Bizancio, entre outras cousas. Aristágoras (tirano da cidade xonia de Mileto) mobilizou as cidades xónicas e pediu axuda á hélade, da cal so recibiu axuda de Atenas e Eretria que enviaron vinte barcos e cinco naves respectivamente; Esparta non ofreceu a súa axuda.

O exército grego atacou a cidade de Sardes mentres a súa flota recuperaba Bizancio, mais Darío I enviou un exército que destruíu ó exercito grego. Os persas foron conquistando novamente as cidades xónicas e máis tarde destruíron Mileto, morrendo a maioría da poboación, e os superviventes foron convertidos en escravos.


Máis tarde Darío I quixo castigar a intervención de Atenas e Eretria e enviou ó seu sobriño Artafernes e ó nobre Datis. 600 trirremes con 40000 combatentes saíron do porto e encamiñáronse directamente a Eubea. Esta foi totalmente destruída ,templos inclusive, e os seus habitantes foron deportados a Asia. Logo, o exército persa desembarcou en Maratón onde se desencadearía unha batalla.

Os atenienses foron os primeiros en facerlles fronte. Enviaron a Filípides (campión dos Xogos Olímpicos) a Esparta para pedir axuda, o cal chegou á cidade en 48 horas despois de correr 240 quilómetros. Os espartanos, debido a razóns relixiosas, non podían loitar ata tres días despois. Atenas , cun pequeno número de homes (crese que 10.000 ou 15.000), púxose en pé de guerra.

Ante a coraxe e o ataque ateniense, os persas non puideron resistir así que intentaron fuxir mentres os gregos corrían tras eles e mataban a canto home pillaban. Os atenienses puideron facerse co poder de sete naves persas, mais o resto do exército embarcou e dirixíronse a Atenas, agardando atoparse cunha cidade desprotexida.



Milcíades ordenou dirixirse rapidamente a Atenas e enviou diante a Filípides. Segundo a tradición, chegou á cidade despois de correr 42 quilómetros e nada máis proclamar a vitoria caeu morto do esgotamento, aínda que se cree que puido ser polas feridas do combate. Horas máis tarde as tropas chegaron finalmente a Atenas e os persas, ante tal poder defensivo dos gregos, decidiron non desembarcar e dirixiu as naves a Asia Menor.



Pasaría tempo ata que unha nova guerra aparecería. A Segunda Guerra Médica.

Morre Darío, e o seu fillo Xerxes fíxose co poder para máis tarde iniciar novamente o ataque a Grecia. Antes disto enviara a Grecia embaixadores que pedirían auga e terra, símbolos de submisión. Foron moitas cidades as que aceptaron, mais non Esparta nin Atenas. Segundo a historia, cóntase que Esparta respondeu ós embaixadores dicindo «Teredes toda a terra e auga que queirades», e acto seguido tiráronos a un pozo.

Xerxes saíu xunto a uns 500.000 homes cara Grecia no 480 a. C.

Nunha pasaxe de Herodoto contásenos que para atravesar o Helesponte (un estreito entre Europa e Asia) construíron unha ponte de barcas para atravesalo, mais por mor dunha tormenta estes foron destruídos. De seguido Xerxes culpou ó mar, enviando a torturadores a que deran mil lategazos á auga como castigo.

Finalmente Xerxes, xunto cos seus homes, cruzou o mar. As flotas ían avanzando pola costa, bordeándoa, mais os helenos decidiron detelos o máximo tempo posíbel no desfiladeiro das Termópilas. Alí estaba, segundo Herodoto, o rei Leónidas I xunto a 300 espartanos e 1.000 aliados doutras cidades-estado gregas, para máis tarde loitar co exército persa.

Naquel desfiladeiro o exército persa non podía usar a súa cabalería e a súa superioridade numérica non lles servía de nada e as loitas leváronse a cabo con similar número de efectivos en cada ataque.

Segundo Plutarco, Xerxes intentaría evitar o combate por todos os medios enviando cartas ó rei espartano dicíndolle que lle daría o goberno de Grecia si este deixaba as súas armas e se pasaba ó lado persa. Leónidas respondería a tal mensaxe da forma característica dos Lacedemonios, “Vinde buscalas!”.

Xerxes, ó ver que a súa estratexia non daba resultado, enviou ós seus 10.000 Inmortais (o corpo de elite da infantaría persa) a combater, mais estes rematarían coma o resto do exército persa.

Mais, un traidor chamado Efiltes axudou a Xerxes a ir a través dos bosques para chegar á retagarda do exército espartano.

Leónidas I, deixando marchar ós que querían facelo, quedou el só xunto a 300 espartanos e 700 hoplitas nos seus postos. Despois de matar 10.000 persas caerían mortos.

A Guerra do Peloponeso non tardaría moito en estoupar. Atenas abandonaríaa Liga Panhelénica para fundar a Liga de Delos. Esparta intentaba invadir Ática mentres Atenas estaba a atacar as costas do Peloponeso. Este período da guerra rematou a firma da Paz de Nicias. Nambargantes, non pasou moito tempo ata que apareceron novas batallas no Peloponeso. Atenas enviou unha expedición a atacar Siracusa (en Sicilia), mais esta remataría totalmente destruída. Máis tarde, Esparta, ca axuda de Persia, apoiaría rebelións en estados que estaban baixo o dominio de Atenas. Isto faría que a Liga de Delos se fose debilitando pouco a pouco para finalmente conseguir que Atenas se rendese.

Esparta converteuse no maior poder de Grecia. Promoveríase a oligarquía dos Trinta Tiranos para gobernar Atenas, o que desencadearía un conflito entre este tipo de goberno e a democracia ateniense, transformando as guerras civís en algo típico de Grecia. Este sería o final da época dourada de Grecia.



## CURIOSIDADES DE ESPARTA



A parte de guerras, adestramentos extremos, asasinatos, etc., salientan tamén outras cousas ó redor do mundo dos espartanos.

Unha das cousas que caracterizaba a esta xente era o *laconismo*. O *laconismo* é unha forma de expresarse concisa e brevemente, cas palabras xustas mais dunha forma enxeñosa. Isto é especialmente útil para evitar discursos longos e demagóxicos. Ademais, durante a educación que os espartanos recibían, esixíáselles que falaran pouco e iso tamén se estendía ás súas casas e familias.



Este termino ten a súa orixe nunha antiga anécdota. Estando sitiados os poboadores de Laconia, os sitiadores enviaron a un mensaxeiro para pedir a rendición dos sitiados. Á pregunta “Son conscientes de que de non renderse cando entremos destruiremos por completo a súa cidade?” A resposta que recibiron por parte do comandante de Laconia foi “Si”. Dende entón usase “lacónico” para algo breve e conciso.

Existe tamén a *Laconofilia*. Isto é o amor ou admiración por Esparta e a súa cultura ou constitución. Os espartanos, ó contrario que os atenienses, eran admirados non pola súa arte ou literatura, senón pola disciplina e carácter dos seus cidadáns.



## ESPARTA NA ACTUALIDADE



O rei Otón I de Grecia, no século XIX despois da Guerra da independencia de Grecia, fixo que unha cidade se erguese no lugar onde se atopaba a antiga Esparta. Esta cidade foi construída ca intención de crear unha das cidades máis fermosas en Grecia con varios parques e bulevares. Actualmente Esparta a capital administrativa da prefectura grega de Laconia. Atópase na costa do río Eurotas, e destaca pola súa elaboración de cítricos.



A pesar de que antigamente os espartanos eran, como dixemos antes, xente de poucas palabras, actualmente nada ten que ver. Igualmente a cidade xa non ten o poderío político que tivo antigamente e ó vela parece unha cidade de segunda categoría.

A cidade atópase preto das ruínas do teatro e a acrópole da antiga polis e pódese acceder facilmente ós restos.

Na cidade tamén se atopa un santuario de Artemis Orthia (protectora de nenos e adolescentes), un museo arqueolóxico e o Museo do Aceite de Oliva.

Xente famosa da actual Esparta son: Stamatis Bitakos (campión mundial de Muay Thai), Dimitris Nifakos (poeta) e Zaxaraios Pentalakos (o fundador da revolución grega en contra dos otomanos) entre outros.





## ESPARTATLÓN



O espartatlón é unha carreira de 246 quilómetros que dende o 1983 se leva a cabo entre Atenas e Grecia.

Esta carreira trata de seguir os pasos de Filípides, o mensaxeiro ateniense que foi enviado a pedir axuda a Esparta na Batalla de Maratón. Segundo o historiador Herodoto, Filípides chegou a Esparta un día despois de saír de Atenas. Baseándose niso, o comandante das RAF británicas John Foden e outros catro oficiais viaxaron a Grecia no 1982 para comprobar si era posible levar a cabo tal fazaña. Un ano despois, unha serie de patrocinadores organizaron a primeira Carreira Internacional de Espartathlón.

O último gañador masculino foi Scott Jurek (EUA), e a última gañadora feminina foi Sook-Hue Hur (Corea do Sur), ambos no 2008.



Medallas do Espartathlón:



## REFERENCIAS



Wikipedia  
O Mundo Clásico , Robin Lane Fox  
Grecotour.com  
Planeta Sedna  
Panoramio  
Google Earth  
Ministerio de Educación  
Dr. Who  
Gustav Adolph Spangenberg



## MÁS INFORMACIÓN



Podes adquirir máis información sobre Esparta en [www.lacedemonia.co.cc](http://www.lacedemonia.co.cc)  
Atoparás vídeos, fotografías, videoxogos sobre Esparta, películas, documentais, e un longo etcétera.

Este pequeno libro de información foi escrito por Ivan P. Río e pode ser reproducido ,copiado e modificado libremente sempre que se nomee o seu autor orixinal e onde conseguir unha copia do orixinal.



**Marzo - 2009**